



**MATERIAIS DIDÁCTICOS
PARA
INFANTIL E PRIMARIA**

**M^a DEL CARMEN GARCÍA VILA
LIDIA GÓMEZ BOGA**

QUE É O MAGOSTO?

No mes de novembro, e xeralmente coincidindo coa festa de San Martiño, celébrase a festa do magosto.

Nun principio esta festa, na que os amigos e veciños se xuntaban arredor do lume para asar castañas, facíase no monte. Na actualidade faise nas prazas, nos rueiros, nalgún recuncho da vila, nos adros das igrexas...

A tradición do magosto disque se remonta aos celtas, antigos habitantes de Galicia. Como eles non tiñan edificios nin templos onde celebrar as súas festas, facíanas no medio do bosque.



María Gallego

UNHA POESÍA...

DON CARBALLO CHORA LANDRAS


Don Carballo chora landras
na amencida.

E don Outono baballa
néboa fría.

Don Labrego, de sombreiro,
aplaude a don Castiñeiro
con variña de abelaira.

E don Ourizo da chaira,
como non se ten coa risa,
cáenlle dentes de castaña.

Helena Villar e Xesús Rábade.
«Dona e Don»



María Gallego

ADIVIÑAS. Ourizo ou castaña



Alto estou
cor de ouro teño
e por unha risotada
perdo o que teño.




Unha cousa que vive na devesa
e vaille picar o cu á artesa.




Alto me vexo
no meu capalexo
e por unha risada
quedei sen nada.




Altos pais.
Capeludas nais.
Os fillos inchafoles.
Adiviña ti se podes.




Alto vivo,
mírame a xente
e se me río
quedo sen dente.



Alta estou.
Ladrón vexo vir.
Do meu carapucho.
Non podo fuxir.



Alto pimpín
ruín cabaleiro
rómpelle a bolsa
e cáelle o diñeiro.



DISQUE...

«Pisar unha castaña, ó ires polo monte, fai que a persoa non teña nunca amores»

«Levar unha castaña no peto da boa sorte»

«Soñar con castañas crúas é aviso de ter que facer algo urxente, de seren cocidas, é que a persoa é moi débil de carácter e se son asadas, é un aviso de precaución»

REFRANEIRO

«Por San Martiño faise o magosto con castañas asadas e viño ou mosto»

«Castañas, noces e viño, fan as delicias do San Martiño»

«Polo San Martiño vai ver o teu soutiño»

«Polo San Martiño, castañas e viño»

«Antes de San Martiño, pan e viño, despois de San Martiño, fame e frío»

«Castañas no Nadal saben ben e pártense mal»

«Temperá é a castaña que por setembro regaña»

«Fíate das castañas asadas, que se estoupan, sairanche á cara»

«Con castañas asadas e sardiñas salgadas non hai viño ruín»

«A horta do San Martiño ten para el e máis para o veciño.»



CANTIGAS

«As castañas son castañas, os ourizos son ourizos;
os ollos da túa cara, para min son dous feitizos»

«Canta a rula, canta a rula, canta a rula naquel soto;
Probiño daquel que espera polo que está na man doutro»

«Dáseme tanto por ti, como si nunca te vira!
encólgate nun castaño coas pernas para riba!

«A aldea de Palavea, de lonxe parece vila
ten corredoiras na entrada e un soto sen saída.»

«Acabáronse as vendimas aí veñen as esfoladas
para comer coas nenas catro castañas asadas»

«Has de cantar
que che hei de dar zonchos,
has de cantar
que che hei de dar moitos;
Has de cantar e has de cantar,
has de cantar que chos hei de dar.»

« Teño un castiñeiro alto, no tronco ten mil enredos,
tampouco os namorados poden ter os ollos quedos.»

«Santo que estás no canizo
bota castañas embaixo
que aínda que non teño mandil,
apáñochas co refaixo.»

«Monxe que estás no canizo
tira castañas para abaixo,
tírame das máis grandiñas
que ás pequenas non me baixo.»



VOCABULARIO DO MAGOSTO E A CASTAÑA

Hai moitas palabras relacionadas co mundo da castaña, coa xente que as apaña, cos utensilios que se usan para cociñalas, cos refugallos que van deixando, coas árbores que nos dan o froito, cos vermes que as atacan, coas partes das castañas....

Bótalle unha ollada a estas dezasete palabras relacionadas co magosto e a castaña e completa as actividades da páxina seguinte.

Barexar : trasnada dos cativos que van roubar castañas aos veciños para o magosto.

Bullote: torta de fariña de castaña consumida polos lexionarios romanos.

Cacho: tixolo.

Coco: verme da castaña.

Caldudas: potaxe de castañas secas cocidas.

Debullar : quitarlle as cascas á castaña cocida, fresca ou asada.

Enxerimento: superficie onde remata a castaña.

Moreas: xeito de xuntar os ourizos para golpealos e separar a castaña do ourizo.

Petela: pinzas de madeira coas que se apañan as castañas do ourizo.

Picós: anacos das cascas procedentes da pisa ou do bandoxo empregados para cebar os porcos.

Rangalleira: Dise que o día do magosto o viño «corre á rangalleira».

Suchar : Chupar continuamente unha castaña pilonga ata que se consuma. Chuchar.

Taloura: vara longa coa que se abanea o castaño para que pinguen os ourizos; tamén é **bareiro**.

Tixolo: tixola de ferro con buratos onde se asan as castañas. Cacho.


Tonas: cascas da castaña.

Trasmocho: castiñeiro que medra máis ao ancho que ao alto pola acción do home, que o poda coma se fose un frutal. Deste xeito, obtéñense máis castañas, temos pólas grandes para madeira en poucos anos, e non desaparece a árbore.

Xemas: partes da castaña.



ENCRUCILLADO



- 1.- Dise do castiñeiro que medra máis ao ancho que ao alto.
- 2.- Acción de quitarlle as cascas ás castañas cocidas, asadas ou frescas.
- 3.- En abundancia. Así corre o viño o día do Magosto.
- 4.- Unha torta de fariña de castaña que era consumida polos lexionarios romanos.
- 5.- Partes da castaña.
- 6.- As cascas da castaña.
- 7.- Verme de cor abrancuzada que ataca ás castañas.

1.- TRASMOCHO 2.- DEBULLAR 3.- RANGALLEIRA 4.- BULLOTE 5.- XEMAS 6.- TONAS 7.- COCO

COMPLETANDO PALABRAS

- 1.- Vara longa →

			O			
--	--	--	---	--	--	--
- 2.- Tixola de ferro →

				L	
--	--	--	--	---	--
- 3.- Pinzas de madeira →

			E			
--	--	--	---	--	--	--
- 4.- Roubar castañas →

				X		
--	--	--	--	---	--	--

OS TIPOS DE CASTAÑAS

Bolerca: a que abortou dentro do ourizo, que non medrou.

Brava: a do castiñeiro bravo, sen inxertar.

Bullada: a que xa pasou pola bulla.

Bullote: castaña asada no tixolo ou cacho.

Burgazo: castaña fresca cocida que se come con leite.

Crouco: a que é pequena.

Degaro: a castaña degraída. Tamén se chaman **restrelos**.

Enxeridas: formadas por varias pezas.

Longal: tipo de castaña portuguesa.

Maia: a pilonga ou seca, e afumada.

Mamota: cocida coas dúas cascas, zoncho; é a castaña mal asada que non pela ben.

Pilonga: castaña seca.

Zoncho: a mamota. Os cativos enfíanas nun cordel a xeito de rosario para comelas.

Abarqueira: a castaña baleira.

Bravas: hai anos que se dan e outros que non saen.

Presas: froito dun castiñeiro bo para madeira e que rende moita cantidade de castañas. Dise que estas castañas non son as máis saborosas.


Raigonas: son as segundas en caer da árbore; as mellores para comer e as que mellor pelan.

Velliñas: é moi oscura e debúllase mal.


Vérdeas: as máis saborosas e as que máis abundan, xunto coas presas.

QUE LETRAS COLOCAMOS?

Colócalle as vogais que lle faltan a cada un dos tipos de castañas.



ENCRUCILLADO



1.- BRAVAS 2.- MAIA 3.- VELLIÑA 4.- PILONGA 5.- ZONCHO
6.- LONGAL 7.- BURGAZO 8.- PRESA

HORIZONTALAIS

- 1.- Castañas que dá o castiñeiro bravo, sen enxertar.
- 2.- Castaña seca e afumada.
- 3.- Castaña moi escura e que se debulla mal.
- 4.- Nome que recibe a castaña seca.
- 5.- Un tipo de castaña que os máis pequenos enían para facer rosarios e comelas. Tamén se lle chama mamota.
- 6.- Un tipo de castaña portuguesa.
- 7.- É a castaña que se come cocida e acompañada con leite.
- 8.- Froito do castiñeiro plantado para madeira.


QUEN CON QUEN?

Colorea da mesma cor cada parella de palabras relacionadas.



CHEGA O OUTONO

Chega o outono e saen as castañas e nós, con gusto, comémolas asadas. «Apañá» e colorea todas as castañas para facer o magosto.




COIDADO!... QUE PINCHAN

Cando están na árbore, o ourizo protexe as castañas. Mira como saen.



Fixácheste ben? Pois agora tócache a ti ordenalas.

1	2	3
----------	----------	----------




OUTROS FROITOS DO OUTONO

No outono, ademais das castañas, nacen outros ricos alimentos. Copia os seus nomes e colorea.



NOZ



LANDRA



PERA



COGOMELO







UVAS




MAZÁ

UN CESTIÑO CON FROITOS DO OUTONO (1)

Colorea e recorta todos estes produtos do outono e colócaos no cestiño de palla da páxina seguinte.



UN CESTIÑO CON FROITOS DO OUTONO (e 2)




MANUALIDADES 1

Adorna a castaña, folha e cogomelo para facer unha paisaxe de outono.


Podes usar boliñas de papel ou plastilina, papel rasgado, colorear, puntear con rotulador...

Unha vez rematadas só tes que recortalas e expoñelas na clase.




MANUALIDADES 2

Podes facer agora un móbil-castaña. Só tes que colorear todas as partes da castaña, facer os furados cun punzón, recortar e unirlle os brazos e pernas con encadernadores.



MANUALIDADES 3


Costruímos un cestiño para as castañas?




1.- Corta un cartón de leite pola metade.



2.- Pega cada metade e fai un burato pequeno en cada lateral.



3.- Engancha un cordel longo nos furados que fixeches. Un lado serve para as castañas e outro para as tonas.




4.- Adorna e decora a caixa. Podes empregar técnicas diferentes: coloreala con témperas, forrala con papeis de cores, poñerlle pegatinas... Xa tes a caixa lista para encher de castañas asadas!

O TRAGACASTAÑAS

Este xogo do tragacastañas é moi sinxelo, só hai que seguir estas instrucións:

1.- Abrimos nunha caixa, que podemos decorar, un furado grande e colocámola nun punto fixo. Vai ser a caixa Tragacastañas.

2.- Os participantes colócanse en ringleira a certa distancia da caixa. A distancia dependerá da idade da rapazada.



3.- O primeiro participante deberá tirar unha castaña tratando de metela dentro da caixa polo furado. Ten cinco intentos. Cada castaña que entre contará como un punto.

4.- Cando rematen os seus cinco intentos continúa o seguinte. Gaña quen máis castañas consiga meter.

A ORIXE DO MAGOSTO

Hai centos de anos, cando aínda non se coñecían as patacas, en Galicia empregábanse, para comer as castañas.

Moitas das comidas que hoxe levan patacas, antes facíanse con castañas: o caldo, o cocido, os guisos... Por iso era importante apanñar moitas, xa que servían de alimento para todo o ano.

Os veciños xuntábanse nos soutos, vareaban os castiñeiros e metían as castañas en sacos. Coas que sobraban facíase unha festa.

Prendían unha fogueira e, nas brasas, asaban as castañas coa casca cortada para que non estouparan. Cando estaban listas comíanas todos xuntos e divertíanse con xogos e música.



UN DÍA DE MAGOSTO

Ordena a historia e cópiaa por orde.

Metían as castañas en sacos.

Os veciños vareaban os castiñeiros

Os veciños vareaban os castiñeiros
Encendían unha fogueira e asaban as castañas.

Comían todos xuntos as castañas asadas.

[illegible]

UN RECEITARIO

Pide axuda na casa e busca receitas que leven castañas como ingredientes. Despois xuntádeas todas para facer un libro de receitas. Se queres podes inventar ti algunha.


PRATO:

INGREDIENTES:

ELABORACIÓN:

CADA OVELLA COA SÚA PARELLA

Colorea da mesma cor as palabras que estean relacionadas.



DOUS REFRÁNS

Escribe o significado destes refráns.

Se lostrega na lúa de agosto, non hai magosto.

Castaña, noces e viño, fan a festa do San Martiño.

INVENTANDO UN REFRÁN

Utilizando estas palabras inventa un refrán relacionado co magosto: **castaña, magosto, lume e pan.**

UN POEMA

Le atentamente esta poesía. Despois cambia as palabras destacadas por outras da dereita, para facer un novo poema.

Vén onda nós o **outono**
da cabalo do aire;
nos camiños **da fraga**
os ourizos xa **abren**.
Sinto chegar **contento**
da eterna **viaxe**
enredado entre as **follas**,
estreando **friaxe**.

verán

árbores

do bosque

paseando

volta

plantas

calor

alegre

florece

Vén onda nós o
da cabalo do aire;
nos camiños
 xa
Sinto chegar
da eterna
 entre as ,
estreando .

SOPA DE LETRAS

Localiza as palabras do recadro na sopa de letras. Coas letras que sobran poderás formar unha mensaxe secreta.

Ollo!, as palabras da sopa poden estar en horizontal, vertical, diagonal, de arriba a abaixo, de abaixo a arriba...

MAGOSTO CASTAÑA OURIZO LUME
FOGUEIRA PETELA TONA

E	C	P	O	L	O	S	A	N	M	A
M	A	G	O	S	T	O	P	R	T	I
U	S	Ñ	F	O	G	U	E	I	R	A
L	T	O	C	O	M	R	T	E	M	O
S	A	O	C	A	S	I	E	T	A	Ñ
A	Ñ	S	N	E	B	Z	L	E	B	E
M	A	O	S	A	V	O	A	I	Ñ	O



A MENSAXE SECRETA

A LENDA DO MAGOSTO

Contan as lendas, que hai centos de anos vivía en Galicia, preto dunha pequena aldea, un castiñeiro xoven moi presumido. De veciño tiña un carballo moi vello e sabio.

Todos os días, o castiñeiro ríase do vello carballo:

-Os teus froitos non valen para nada. Os homes só queren as túas landras para darllas de comer aos porcos. En cambio as miñas castañas son moi apreciadas por eles.

O carballo, que xa tiña moitos outonos, non dicía nada.

Contan que un día pasou por alí un can que escoitou a conversa das árbores e, vendo o sufrimento do carballo, foi correndo a contarlle á xente da aldea o que escoitara.

Os homes, enfurecidos, colleron uns paus e fóronse cara ao bosque. Cando chegaron varearon ao castiñeiro como castigo. Din que caeron tantos froitos que os aldeáns se deron conta de que aquela era unha boa maneira de apañar castañas e decidiron facelo todos os anos.

Para conmemoralo celebraron unha festa: o magosto.

E dende aquel día o castiñeiro deixou de fachendearse. O carballo, apiadado do seu pobre compañeiro, perdoouno e prometeulle que sempre ía permanecer ao seu carón.

LICHES CON ATENCIÓN?

1.- A quen tiña de veciño o castiñeiro?

2.- Para que queren as landras os homes?

3.- A quen lle foi contar a conversa o can?





4.- Que fixeron os homes da aldea cando chegaron ao pé do castiñeiro?

5.- Que festa celebraron os homes dende o día que varearon o castiñeiro?

6.- Que lle prometeu o carballo ao castiñeiro?

CADA FROITO COA SÚA ÁRBORE

Na lenda do magosto o castiñeiro comparaba os seus froitos cos do carballo. Pero... sabes como se chaman os froitos de cada árbore? Une con frechas cada árbore co seu froito.




CELEBRAMOS O MAGOSTO?

Nós xa acendimos a fogueira. Agora ti debes debuxar todo o que precisamos para celebrar un bo magosto: xente, castañas, larpeiradas, bebidas...



O MONSTRO COMEVOGAIS

O famoso Monstro Comevogais pasou pola clase e deixounos todos os car-
teis estragados. Axuda a amañalos colocándolle todas as vogais que faltan.



O OUTONO

No outono recollemos as castañas e facemos o magosto. Pero... que máis cousas acontecen no outono? Serás quen de escribir cinco cousas que pasan nesta estación do ano?

1

2

3

4


5

ADIVIÑA, ADIVIÑANZA...

Saberás escribir a resposta a estas dúas adiviñas relacionadas co magosto?

A CASTAÑA




Na cima me vexo
co meu zarandexo,
fachos vexo vir
e non podo fuxir.



Alto está
barbas ten
ri e guinda
o que contén.

O OURIZO

UN CREBACABEZAS



UNHA PAISAXE DE OUTONO

Debuxa unha paisaxe de outono. Non te esquezas das árbores sen follas, das follas secas polo chan, do frío, da choiva, do vento...

